

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A ASOCIACIÓN CRUZ VERMELLA DE LUGO PARA O DESENVOLVEMENTO DA ASISTENCIA A PACIENTES CON TRASTORNOS RELACIONADOS CON SUBSTANCIAS E OUTROS TRASTORNOS ADICTIVOS

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

Que o Servizo Galego de Saúde e a asociación CRUZ VERMELLA DE LUGO asinaron o 20.04.2021 un convenio de colaboración cuxo obxectivo é o desenvolvemento de programas de intervención de asistencia sanitaria especializada e a atención dende un enfoque biopsicosocial a persoas con trastornos relacionados con substancias e outros trastornos adictivos, atendendo á planificación e criterios, guías e procedementos establecidos polo Servizo Galego de Saúde.

No desenvolvemento da súa actividade a asociación CRUZ VERMELLA DE LUGO colaborará cos servizos de saúde na atención integral e coordinada destes pacientes especialmente no tocante a patoloxías de elevada comorbilidade como as enfermidades transmisibles, e a enfermidade mental (patoloxía dual). As persoas usuarias contarán cun programa de tratamento actualizado que atenda as súas circunstancias de saúde e sociais, introducindo aqueles aspectos necesarios para dar respostas aos colectivos de maior vulnerabilidade e atendendo a perspectiva de xénero no desempeño das súas actividades.

Co fin de acadar unha maior concienciación nesta materia por parte da cidadanía e de mellorar a formación dos profesionais implicados no tratamento destes pacientes, o equipo asistencial colaborará no desenvolvemento e deseño do Plan Anual de Formación previsto no Plan de Trastornos Aditivos da Comunidade Autónoma.

Por todo o anterior, e tendo en conta que esta entidade é unha das poucas en Galicia que conta coa capacidade necesaria para desenvolver as actividades obxecto deste convenio, e que posúe os medios técnicos necesarios para iso, non resulta procedente promover a concorrência pública con outras entidades. O réxime desta axuda encádrase no procedemento de concesión directa regulado nos artigos 19.4.a) e 26 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, por tratarse dunha subvención consignada nominativamente nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021.

Que os intereses converxentes das partes asinantes non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou outro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio indicado no encabezamento, con exclusión doutras figuras.

O xerente do Servizo Galego de Saúde

José Flores Arias.

